

-Na páxina 14.981 aparece catalogado o seguinte centro:

Centro					Unidades		Postos de traballo										
Código	Denominación	Concello	Localidade		EI	EP	EI	EP	FI	FF	EM	EF	PT	AL	DO	OC	T
32009301	CEIP de Seixalbo	Ourense	Ourense		3	8	4	7	2	1	1	1	1	1	0	1	19

Debe aparecer como:

Centro					Unidades		Postos de traballo										
Código	Denominación	Concello	Localidade		EI	EP	EI	EP	FI	FF	EM	EF	PT	AL	DO	OC	T
32009301	CEIP de Seixalbo	Ourense	Ourense		3	8	4	7	2	1	1	1	1	0	0	1	18

-Na páxina 14.987, no anexo II, aparece catalogado o centro:

Centro					Unidades		Postos de traballo				
Código	Denominación	Concello	Localidade		EE	EM	EF	PT	AL	DO	
32015529	CEE O Pino	Ourense	Ourense		4	0	0	4	0	1	

Debe aparecer como:

Centro					Unidades		Postos de traballo				
Código	Denominación	Concello	Localidade		EE	EM	EF	PT	AL	DO	
32015529	CEE O Pino	Ourense	Ourense		4	0	0	4	0	0	

-Na páxina 14.987, no anexo IV, non debe aparecer como suprimida a EEI de Limodre no concello de Fene.

Orde do 28 de setembro de 2010 pola que se conceden subvencións para a edición en lingua galega de recursos didácticos curriculares para niveis non universitarios, ao abeiro do concurso público convocado na Orde do 2 de xuño de 2010.

A Orde do 2 de xuño de 2010 (DOG do 8 de xuño) regula a concesión de subvencións para a edición en lingua galega de recursos didácticos curriculares para niveis non universitarios.

Vistos os informes-proposta formulados pola comisión constituída ao abeiro do artigo 10 da citada convocatoria, esta consellería

RESOLVE:

Artigo 1º

A concesión de axudas aos proxectos relacionados no anexo I.

Artigo 2º

Desestimar os títulos que se relacionan no anexo II polos motivos que aparecen citados na correspondente epígrafe. Neste anexo especificáanse tamén as solicitudes que non atenderon ao requirimento de emenda de erros en forma e/ou no prazo establecido, segundo o disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 3º

Excluír os proxectos relacionados no anexo III por seren presentados fóra do prazo establecido na convocatoria.

Artigo 4º

Contra esta disposición, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso

potestativo de reposición ante o secretario xeral de Política Lingüística, por delegación do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE nº 12, do 14 de xaneiro), de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Artigo 5º

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Secretaría Xeral de Política Lingüística publicará na súa páxina web, no enderezo www.xunta.es/linguagalega, a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas. Así mesmo, en cumprimento co disposto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a secretaria xeral fará públicos os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións concedidas, así como ás sancións impostas aos beneficiarios.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no DOG.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2010.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO I

Expediente	Solicitante	Título	Importe
2010/00001-0	Rodeira-Grupo Edebe	Historia de España-2º bacharelato	17.029
2010/00002-0	Rodeira-Grupo Edebe	Xeografía-2º bacharelato	17.029
2010/000031-0	Baía Edicións A Coruña, S.L.	Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión	2.000
2010/000036-0	Edicións Xerais de Galicia, S.A.	Xogando cos sons. Infantil-1º ciclo primaria	2.000
2010/000037-0	Edicións Xerais de Galicia, S.A.	As Galicias do Norte 1. Xeografía, arqueoloxía, historia	2.000
2010/000038-0	Edicións Xerais de Galicia, S.A.	As Galicias do Norte 2. Relixión, lendas e tradicións	2.000
2010/000039-0	Edicións Xerais de Galicia, S.A.	As Galicias do Norte 3. Linguas e literaturas, música, gastronomía	2.000
2010/000040-0	Edicións Xerais de Galicia, S.A.	As Galicias do Norte. Caderno de actividades	2.000
2010/000041-0	Edicións Xerais de Galicia, S.A.	Cultura audiovisual	9.807
2010/000042-0	Edicións Xerais de Galicia, S.A.	Empresa e iniciativa emprendedora	8.583
2010/000049-0	Galinova Editorial, S.L.	Xograr século XXI-Música-1º primaria	16.325
2010/000050-0	Galinova Editorial, S.L.	Xograr século XXI-Música-2º primaria	16.325
2010/000051-0	Galinova Editorial, S.L.	Educación física-1º ESO	12.273
2010/000054-0	Editorial Teide, S.A.	O mundo dos inventos. As cifras-Matemáticas-3 anos	9.158
2010/000055-0	Editorial Teide, S.A.	O mundo dos inventos por coñecer-Coñecemento do contorno-3 anos	9.862
2010/000057-0	Editorial Teide, S.A.	O mundo dos inventos. As cifras-Matemáticas-4 anos	6.560
2010/000058-0	Editorial Teide, S.A.	O mundo dos inventos por coñecer-Coñecemento do contorno-4 anos	6.561
2010/000060-0	Editorial Teide, S.A.	O mundo dos inventos. As cifras-Matemáticas-5 anos	6.971
2010/000061-0	Editorial Teide, S.A.	O mundo dos inventos por coñecer-Coñecemento do contorno-5 anos	7.648
2010/000066-0	Xerme Edicións, S.L.	Proxecto Xiradela. Lecturas 2	2.000
2010/000082-0	Vicens Vives Primaria, S.L.	Vacacións cos Robits 1	2.000
2010/000083-0	Vicens Vives Primaria, S.L.	Vacacións cos Robits 2	2.000
2010/000084-0	Vicens Vives Primaria, S.L.	Vacacións cos Robits 3	2.000
2010/000085-0	Vicens Vives Primaria, S.L.	Vacacións cos Robits 4	2.000
2010/000090-0	Vicens Vives Primaria, S.L.	Andante 1	10.228
2010/000091-0	Vicens Vives Primaria, S.L.	Andante 2	10.374
2010/000092-0	Vicens Vives Primaria, S.L.	Andante 3	6.162
2010/000093-0	Vicens Vives Primaria, S.L.	Novo Lúa 6	15.877
2010/000094-0	Vicens Vives Primaria, S.L.	Medio 6	16.029
2010/000097-0	Ediciones Vicens Vives, S.A.	Historia de España-2º bacharelato	16.853
2010/000098-0	Ediciones Vicens Vives, S.A.	Historia da arte-2º bacharelato	16.325
2010/000105-0	Editorial Casals, S.A.	A ranciña Raíña-3 anos	11.834
2010/000106-0	Editorial Casals, S.A.	A toupa Furona-4 anos	13.683
2010/000107-0	Editorial Casals, S.A.	A lagarta Pintada-5 anos	13.683
2010/000111-0	Editorial Casals, S.A.	Proposta didáctica. A toupa Furona-4 anos	14.916
2010/000112-0	Editorial Casals, S.A.	Proposta didáctica. A lagarta Pintada-5 anos	15.092
2010/000113-0	Servi-Aca, S.L.	Educación para a cidadanía e os dereitos humanos-2º ESO	14.474
2010/000116-0	Servi-Aca, S.L.	Módulo científico matemático-Programa de Cualificación Profesional Inicial (PCPI)	16.546
2010/000118-0	Servi-Aca, S.L.	Redes locais-Grao medio	13.023
2010/000119-0	Servi-Aca, S.L.	Seguridade informática-Grao medio	11.262
2010/000120-0	Servi-Aca, S.L.	Apoio psicolóxico en situacións de emerxencia-Grao medio	13.023
2010/000123-0	Servi-Aca, S.L.	Xestión de bases de datos-Grao superior	13.287
2010/000125-0	Servi-Aca, S.L.	Deseño e elaboración do plan de marketing-Grao superior	16.009
2010/000128-0	Santillana Educación, S.L. (Edicións Obradoiro)	Mica e os seus amigos. 5 anos	10.160
2010/000129-0	Santillana Educación, S.L. (Edicións Obradoiro)	Matemáticas II. 2º bacharelato	10.050
2010/000130-0	Santillana Educación, S.L. (Edicións Obradoiro)	Matemáticas II aplicadas ás ciencias sociais. 2º bacharelato	8.900
2010/000134-0	Santillana Educación, S.L. (Edicións Obradoiro)	Historia de España. 2º bacharelato	15.796

Expediente	Solicitante	Título	Importe
2010/000136-0	Santillana Educación, S.L. (Edicións Obradoiro)	EIE. Empresa e Iniciativa Emprendedora. Grao medio	12.300
2010/000137-0	Santillana Educación, S.L. (Edicións Obradoiro)	FOL. Formación e Orientación Laboral. Grao medio	11.600
2010/000149-0	Ir Indo Edicións, S.L.	Humor gráfico galego. Da transición ao século XXI. 2º bacharelato/FP	2.000
2010/000151-0	Ir Indo Edicións, S.L.	Ramón Otero Pedrayo. 4º ESO	2.000
2010/000152-0	Ir Indo Edicións, S.L.	Xesús Alonso Montero. 3º e 4º ESO	2.000
2010/000154-0	Ir Indo Edicións, S.L.	Xanela. 1º e 2º primaria	2.000

ANEXO II

Expediente	Solicitante	Título	Motivos denegación
2010/000003-0	Rodeira-Grupo Edebe	Química-2º bacharelato	Art. 11.1º a) último parágrafo
2010/000004-0	Rodeira-Grupo Edebe	Física-2º bacharelato	Art. 11.1º a) último parágrafo
2010/000005-0	Rodeira-Grupo Edebe	Tic tac-3 anos	Art. 11
2010/000006-0	Rodeira-Grupo Edebe	Tic tac-Hoxe celebramos... Galicia-3 anos	Art. 11
2010/000007-0	Rodeira-Grupo Edebe	Tic tac-A pensar! 1-3 anos	Art. 11
2010/000008-0	Rodeira-Grupo Edebe	Tic tac-4 anos	Art. 11
2010/000009-0	Rodeira-Grupo Edebe	Tic tac-Hoxe celebramos... -Galicia-4 anos	Art. 11
2010/000010-0	Rodeira-Grupo Edebe	Tic tac-A pensar! 2-4 anos	Art. 11
2010/000011-0	Rodeira-Grupo Edebe	Tic tac-5 anos	Art. 11
2010/000012-0	Rodeira-Grupo Edebe	Tic tac-Hoxe celebramos... -Galicia-5 anos	Art. 11
2010/000013-0	Rodeira-Grupo Edebe	Tic tac-a pensar! 3-5 anos	Art. 11
2010/000014-0	Rodeira-Grupo Edebe	Tic tac-As letras encantadas 1-4 anos	Art. 11
2010/000015-0	Rodeira-Grupo Edebe	Tic tac-As letras encantadas 2-5 anos	Art. 11
2010/000016-0	Rodeira-Grupo Edebe	Tic tac-Lectoescritura 1-3 anos	Art. 11
2010/000017-0	Rodeira-Grupo Edebe	Tic tac-Lectoescritura 2-3 anos	Art. 11
2010/000018-0	Rodeira-Grupo Edebe	Tic tac-Lectoescritura 3-4 anos	Art. 11
2010/000019-0	Rodeira-Grupo Edebe	Tic tac-Lectoescritura 4-4 anos	Art. 11
2010/000020-0	Rodeira-Grupo Edebe	Tic tac-Lectoescritura 5-5 anos	Art. 11
2010/000021-0	Rodeira-Grupo Edebe	Tic tac-Lectoescritura 6-5 anos	Art. 11
2010/000022-0	Rodeira-Grupo Edebe	Tic tac-Lectoescritura 7-5 anos	Art. 11
2010/000023-0	Rodeira-Grupo Edebe	Tic tac-A contar! 1-3 anos	Art. 11
2010/000024-0	Rodeira-Grupo Edebe	Tic tac-A contar! 2-3 anos	Art. 11
2010/000025-0	Rodeira-Grupo Edebe	Tic tac-A contar! 3-4 anos	Art. 11
2010/000026-0	Rodeira-Grupo Edebe	Tic tac-A contar! 4-4 anos	Art. 11
2010/000027-0	Rodeira-Grupo Edebe	Tic tac-A contar! 5-5 anos	Art. 11
2010/000028-0	Rodeira-Grupo Edebe	Tic tac-A contar! 6-5 anos	Art. 11
2010/000029-0	Baía Edicións A Coruña, S.L.	Gufa dos microorganismos das augas continentais	Art. 11
2010/000030-0	Baía Edicións A Coruña, S.L.	A maxia da química. Experiencias de química para ESO e bacharelato	Art. 11
2010/000032-0	Edicións Xerais de Galicia, S.A.	Proxecto Papeliños-3 anos	Art. 11
2010/000033-0	Edicións Xerais de Galicia, S.A.	Proxecto Papeliños-4 anos	Art. 11
2010/000034-0	Edicións Xerais de Galicia, S.A.	Proxecto Papeliños-5 anos	Art. 11
2010/000035-0	Edicións Xerais de Galicia, S.A.	Xogando cos sons. Cadernos actividades-infantil e 1º ciclo primaria	Art. 8.4º
2010/000043-0	Editorial Luis Vives	Proxecto Tocaotodo 3 anos-Tuli	Arts. 5.1º e 8.10º
2010/000044-0	Editorial Luis Vives	Proxecto Tocaotodo 4 anos-nilo	Arts. 5.1º e 8.10º
2010/000045-0	Editorial Luis Vives	Proxecto Tocaotodo 5 anos-xela	Arts. 5.1º e 8.10º
2010/000046-0	Galinova Editorial, S.L.	Miau, miau!-Música-3 anos	Art. 11
2010/000047-0	Galinova Editorial, S.L.	Bau, bau!-Música-4 anos	Art. 11
2010/000048-0	Galinova Editorial, S.L.	Pipiri, pipiri!-Música-5 anos	Art. 11
2010/000052-0	Galinova Editorial, S.L.	Educación física-3º ESO	Art. 11.1º a) último parágrafo

Expediente	Solicitante	Título	Motivos denegación
2010/000053-0	Editorial Teide, S.A.	0 mundo dos inventos-As letras-Lingua-3 anos	Art. 11
2010/000056-0	Editorial Teide, S.A.	0 mundo dos inventos-As letras-Lingua-4 anos	Art.11
2010/000059-0	Editorial Teide, S.A.	0 mundo dos inventos-As letras-Lingua-5 anos	Art. 11
2010/000062-0	Xerme Edicións, S.L.	3 anos. Proxecto Xiradela-1º, 2º, 3º trimestre	Art. 11
2010/000063-0	Xerme Edicións, S.L.	4 anos. Proxecto Xiradela-1º, 2º, 3º trimestre	Art. 11
2010/000064-0	Xerme Edicións, S.L.	5 anos. Proxecto Xiradela-1º, 2º, 3º trimestre	Art. 11
2010/000065-0	Xerme Edicións, S.L.	Proxecto Xiradela. Lecturas 1	Art. 11
2010/000067-0	Xerme Edicións, S.L.	3 anos. Proxecto Xiradela. Lectoescritura 1 pauta	Art. 11
2010/000068-0	Xerme Edicións, S.L.	4 anos. Proxecto Xiradela. Lectoescritura 2 pauta	Art. 11
2010/000069-0	Xerme Edicións, S.L.	4 anos. Proxecto Xiradela. Lectoescritura 3 pauta	Art. 11
2010/000070-0	Xerme Edicións, S.L.	5 anos. Proxecto Xiradela. Lectoescritura 4 pauta	Art. 11
2010/000071-0	Xerme Edicións, S.L.	5 anos. Proxecto Xiradela. Lectoescritura 5 pauta	Art. 11
2010/000072-0	Xerme Edicións, S.L.	5 anos. Proxecto Xiradela. Lectoescritura 6 pauta	Art. 11
2010/000073-0	Xerme Edicións, S.L.	1º EP. Competencias básicas	Art. 11
2010/000074-0	Xerme Edicións, S.L.	2º EP. Competencias básicas	Art. 11
2010/000075-0	Xerme Edicións, S.L.	3º EP. Competencias básicas	Art. 11
2010/000076-0	Xerme Edicións, S.L.	4º EP. Competencias básicas	Art. 11
2010/000077-0	Xerme Edicións, S.L.	5º EP. Competencias básicas	Art. 11
2010/000078-0	Xerme Edicións, S.L.	6º EP. Competencias básicas	Art. 11
2010/000079-0	Vicens Vives Primaria, S.L.	Espiral máxica-3 anos	Art. 11
2010/000080-0	Vicens Vives Primaria, S.L.	Espiral máxica-4 anos	Art. 11
2010/000081-0	Vicens Vives Primaria, S.L.	Espiral máxica-5 anos	Art. 11
2010/000086-0	Vicens Vives Primaria, S.L.	Plástica 3	Art. 11.1º a) último parágrafo
2010/000087-0	Vicens Vives Primaria, S.L.	Plástica 4	Art. 11.1º a) último parágrafo
2010/000088-0	Vicens Vives Primaria, S.L.	Plástica 5	Art. 11.1º a) último parágrafo
2010/000089-0	Vicens Vives Primaria, S.L.	Plástica 6	Art. 11.1º a) último parágrafo
2010/000095-0	Vicens Vives Primaria, S.L.	Cidadanía. Terceiro ciclo	Art. 11.1º a) último parágrafo
2010/000096-0	Vicens Vives Primaria, S.L.	Matemáticas 6	Art. 11.1º a) último parágrafo
2010/000099-0	Ediciones Vicens Vives, S.A.	Historia da filosofía-2º bacharelato	Art. 11.1º a) último parágrafo
2010/000100-0	Ediciones Vicens Vives, S.A.	Xeografía-2º bacharelato	Art. 11.1º a) último parágrafo
2010/000101-0	Ediciones Vicens Vives, S.A.	Bioloxía-2º bacharelato	Art. 11.1º a) último parágrafo
2010/000102-0	314 Euroedicións, S.L.	As manifestacións relixiosas ao longo da historia	Art. 11
2010/000103-0	Editorial Casals, S.A.	A coelliña brincadoira. 1 ano	Art. 11
2010/000104-0	Editorial Casals, S.A.	O esquío pillabán. 2 anos	Art. 11
2010/000108-0	Editorial Casals, S.A.	Leo e escribo. 3 anos	Art. 11.1º a) último parágrafo
2010/000109-0	Editorial Casals, S.A.	Leo e escribo. 4 anos	Art. 11.1º a) último parágrafo
2010/000110-0	Editorial Casals, S.A.	Leo e escribo. 5 anos	Art. 11.1º a) último parágrafo
2010/000114-0	Servi-Aca, S.L.	From the word go-Inglés-Proba de acceso maiores 25 anos	Art. 5.2º
2010/000115-0	Servi-Aca, S.L.	Bioloxía-Proba de acceso a ciclos de grao superior	Art. 11.1º a) último parágrafo
2010/000117-0	Servi-Aca, S.L.	Fundamentos de electrónica dixital e microprogramable-Grao medio	Art. 11
2010/000121-0	Servi-Aca, S.L.	Aplicacións informáticas: ofimática 2007-Grao superior	Art. 4.1º
2010/000122-0	Servi-Aca, S.L.	Fundamentos de hardware-Grao superior	Art. 4.1º
2010/000124-0	Servi-Aca, S.L.	Habilidades interpersoais en educación infantil-Grao superior	Art. 4.1º

Expediente	Solicitante	Título	Motivos denegación
2010/000126-0	Santillana Educación, S.L. (Edicións Obradoiro)	Mica e os seus amigos. 3 anos	Art. 11
2010/000127-0	Santillana Educación, S.L. (Edicións Obradoiro)	Mica e os seus amigos. 4 anos	Art. 11
2010/000131-0	Santillana Educación, S.L. (Edicións Obradoiro)	Química. 2º bacharelato	Art. 11
2010/000132-0	Santillana Educación, S.L. (Edicións Obradoiro)	Física. 2º bacharelato	Art. 11
2010/000133-0	Santillana Educación, S.L. (Edicións Obradoiro)	Bioloxía. 2º bacharelato	Art. 11.1º a) último parágrafo
2010/000135-0	Santillana Educación, S.L. (Edicións Obradoiro)	Historia da filosofía. 2º bacharelato	Art. 11.1º a) último parágrafo
2010/000138-0	Grupo Anaya, S.A.	Bioloxía. 2º bacharelato	Art. 11
2010/000139-0	Grupo Anaya, S.A.	Educación para a cidadanía-2º primaria	Art. 11.1º a) último parágrafo
2010/000140-0	Grupo Anaya, S.A.	Ortografía galega. Cadernos 1, 2	Art. 11
2010/000141-0	Grupo Anaya, S.A.	Ortografía galega. Cadernos 3, 4, 5	Art. 11
2010/000142-0	Toxosouts, S.L.	Historia da filosofía para a selectividade	Art. 11
2010/000143-0	Toxosouts, S.L.	Intervención nas aulas	Art. 4
2010/000144-0	Glia Edición e Comunicación, S.L.	O dragón Pepón. Proxecto anual de estimulación oral	Art. 11.1º a) último parágrafo
2010/000145-0	Glia Edición e Comunicación, S.L.	Colega 1. Comprensión e lectoescritura en galego	Art. 11
2010/000146-0	Glia Edición e Comunicación, S.L.	Colega 2. Comprensión e lectoescritura en galego	Art. 11
2010/000147-0	Glia Edición e Comunicación, S.L.	Colega 4. Comprensión e lectoescritura en galego	Art. 11
2010/000148-0	Glia Edición e Comunicación, S.L.	Colega 5. Comprensión e lectoescritura en galego	Art. 11
2010/000150-0	Ir Indo Edicións, S.L.	Pioneiros protestantes na Atenas de Galicia. 4º ESO/bacharelato	Art. 6.7º
2010/000153-0	Ir Indo Edicións, S.L.	Kali. 3º e 4º primaria	Art. 6.7º
2010/000155-0	Promocións Culturais Galegas, S.A.	Os Bolechas queren saber... como é un porto	Art. 8.10º
2010/000156-0	Promocións Culturais Galegas, S.A.	Historia da lingua galega. Do latín ao acento de Burgos	Art. 8.10º
2010/000157-0	Promocións Culturais Galegas, S.A.	Historia da lingua galega. Do latín ao galego cordial	Art. 8.10º
2010/000158-0	Promocións Culturais Galegas, S.A.	Breve xeografía de Galicia	Art. 8.10º
2010/000159-0	Promocións Culturais Galegas, S.A.	Os Bolechas queren saber... a orixe dos nomes dos lugares	Art. 8.10º
2010/000160-0	Promocións Culturais Galegas, S.A.	Os Bolechas queren saber... como vivían no castro do Tegra	Art. 8.10º
2010/000161-0	Promocións Culturais Galegas, S.A.	Os Bolechas queren saber... como aforar auga	Art. 8.10º
2010/000162-0	Promocións Culturais Galegas, S.A.	Aprendendo lingua. Xogando no teu ordenador	Renuncia
2010/000163-0	Promocións Culturais Galegas, S.A.	Aprendendo xeografía. Xogando no ordenador	Renuncia
2010/000164-0	Promocións Culturais Galegas, S.A.	Os Bolechas queren saber... como son os cetáceos da nosa costa	Art. 8.10º
2010/000165-0	Promocións Culturais Galegas, S.A.	Os Bolechas queren saber... como se marisca a pé	Art. 8.10º
2010/000166-0	Trymar, Soc. Coop. Galega	Seguridade laboral nas artes gráficas-FP	Art. 8.8º
2010/000167-0	Trymar, Soc. Coop. Galega	Optimización de imaxes nas artes gráficas-FP	Art. 8.8º
2010/000177-0	Editorial Casals, S.A.	Proposta didáctica a ranciña Raíña. 3 anos	Art. 8.8º

ANEXO III

Expediente	Solicitante	Título
2010/000168-0	Reverso Comunicación, Cultura e Lingua	Redacción, deseño e exposición para toupas
2010/000169-0	Reverso Comunicación, Cultura e Lingua	Expresividade para toupas
2010/000170-0	Reverso Comunicación, Cultura e Lingua	Documentación e traballo creativo para toupas
2010/000171-0	Edicións do Cumio, S.A.	Petróglifos de Galicia-3º 4º ESO e bacharelato

Expediente	Solicitante	Título
2010/000172-0	Edicións do Cumio, S.A.	Atlas xeográfico e histórico de Galicia e do mundo
2010/000173-0	Edicións do Cumio, S.A.	Zampadanzas do mundo
2010/000174-0	Edicións do Cumio, S.A.	Bailabén
2010/000175-0	Edicións do Cumio, S.A.	Cogomelos medicinais
2010/000176-0	Edicións do Cumio, S.A.	Cogomelos dunares

Orde do 1 de outubro de 2010 pola que se establecen as bases e se convocan as axudas destinadas ao cofinanciamento dos servizos de comedor escolar xestionados polas asociacións de nais e pais do alumnado dos centros públicos non universitarios dependentes desta consellería, para o curso académico 2010-2011.

O Estatuto de autonomía de Galicia declara no seu artigo 31 a competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia para o regulamento e a administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, sen prexuízo das limitacións impostas polos artigos 27 e 149 da Constitución española.

Pola súa banda, a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece e define as obrigas das administracións educativas en relación cos servizos educativos complementarios, tales como o transporte e os comedores escolares.

Actualmente, o Decreto 10/2007, do 25 de xaneiro (DOG nº 26, do 6 de febreiro), regula o funcionamento dos comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O artigo 2.3º da citada norma prevé que a Administración educativa poderá colaborar coas asociacións de nais e pais de alumnos/as e as súas federacións cando estas asuman a xestión e organización do comedor escolar.

No marco normativo referido, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establece nesta orde un programa de axudas económicas coa finalidade de cofinanciar os servizos de comedores escolares que xestionan as asociacións de nais e pais do alumnado nos centros públicos non universitarios dependentes dela.

Polo exposto, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Artigo 1º.-O obxecto.

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases e convocar as axudas económicas destinadas ás asociacións, federacións ou confederacións de nais e pais de alumnos/as legalmente constituídas, que xestionan os comedores escolares nos centros públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

2. O outorgamento das axudas a que se refire esta orde realizarase en réxime de concorrencia competi-

tiva baixo os principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non-discriminación.

3. As axudas económicas irán destinadas a sufragar os seguintes conceptos:

a) O custo diario do menú por comensal e polos días de asistencia destes ao comedor, así como, se é o caso, a vixilancia e o coidado do alumnado durante o uso do servizo do comedor e o desenvolvemento dos programas de promoción da saúde e as habilidades persoais complementarias do servizo, durante o curso académico 2010-2011.

b) Os gastos correntes en que incorran as asociacións, federacións ou confederacións de nais e pais do alumnado como consecuencia da xestión do comedor, cun máximo do 3% do importe total do custo do servizo de comedor e sen que, en ningún caso, a citada porcentaxe supere os 2.000 euros.

c) Os gastos ocasionados pola contratación por parte das asociacións, federacións ou confederacións de nais e pais do alumnado de pólizas de seguros vinculadas directamente á prestación do servizo de comedor escolar.

d) Os gastos orixinados pola contratación de persoal que desenvolva o labor de atención ao alumnado con necesidades específicas, para o caso de que a contratación deste persoal se realice separadamente.

Artigo 2º.-O crédito orzamentario destinado.

1. Para a concesión das axudas regulamentadas nesta orde destinaranse 1.201.546,47 euros con cargo á aplicación orzamentaria 09.01.423A.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coa seguinte imputación por anualidades:

-486.546,47 € con cargo á anualidade de 2010.

-715.000,00 € con cargo á anualidade de 2011.

2. A percepción destas axudas é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado, ben que o importe da axuda concedida en ningún caso poderá, en concorrencia coas outras subvencións ou axudas, superar o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

Artigo 3º.-A actividade cofinanciabile.

Son actividades cofinanciáveis as vinculadas á organización, financiamento e xestión dos comedores escolares existentes nos centros públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que realicen as entidades que poden ter a condición de beneficiarios, e que se enumeran no artigo 4º.

As axudas poderán sufragar ata un máximo do 50% do custo do servizo de comedor do centro escolar correspondente. Para iso terase en conta o orzamento que o/a solicitante debe achegar no momento de presentar a súa solicitude, que se deberá axustar ao modelo incorporado como anexo II.